

Historia da Filosofía

2º de Bacharelato

1. Lecturas voluntarias da 2ª Avaliación:

- Santo Agostiño: *Confesiões*
- Boecio: *Consolación da filosofía*
- Santo Tomé: *Suma teolóxica mínima*
- Pedro Abelardo: *Historia das miñas desventuras*
- Galileo: *Diálogo sobre os dous máximos sistemas do mundo*
- Galileo: *Sidereus nuncius*
- Maquiavelo: *O Príncipe*
- Descartes: *Discurso do método*
- Descartes: *Meditacións metafísicas*
- Hume: *Investigación sobre o entendemento humano*
- Kant: *Fundamentación metafísica dos costumes*
- Kant: *Crítica da razón pura [só o prólogo ás 2ª ed. e a Estética trascendental]* (especial dificultade)

2. Instrucións para realizar a composición a entregar:

Trátase de elaborar un comentario á obra similar en estrutura e estilo aos elaborados para os demais textos obxecto de análise na materia, pero con unha extensión maior e unha óptica máis xeral. O comentario, polo tanto, debe constar de:

1. **Parte introdutoria:** débese situar o autor e a obra dentro do contexto epocal, sinalando os caracteres fundamentais da corrente na que se enmarca, o sentido desta corrente na Historia da Filosofía e como as súas características se ven reflexadas no texto. Neste punto pódese citar o texto lido, pero tamén facer referencias indirectas.
2. **Análise da obra:** débese analizar conceptualmente a obra, facendo énfase de xeito preciso nas ideas fundamentais e na súa interrelación, de xeito que se ofrezca unha panorámica comprensiva e filosófica do texto, e non unha mera recensión ou resumo.
3. **Implicacións** da obra, do autor e da corrente para a Historia da Filosofía, particularmente das ideas analizadas no texto.